

## XUNTA DA FACULTADE DE DEREITO DE OURENSE ACORDOS ADOPTADOS NA REUNIÓN ORDINARIA DO DÍA 19 DE DECEMBRO DE 2019

### Acórdase por asentimento<sup>1</sup>:

1. Aprobar as actas das reunións ordinaria do día 21 de maio de 2019 e extraordinaria do día 18 de novembro de 2019.
2. Aprobar o nomeamento do Prof. Dr. Luis Martín Rebollo, Catedrático emérito de Dereito Administrativo da Universidade de Cantabria, como Membro Honorífico do Claustro de Profesores da Facultade de Dereito.
3. Aprobar a modificación do Regulamento de réxime interno da Facultade de Dereito aprobada pola Comisión Permanente.
4. Respecto aos procedementos de Calidade:
  - a) Aprobar a modificación do Procedemento para o seguimento e o control da docencia.
  - b) Aprobar o Procedemento IA-01 Xestión de recursos materiais e servizos.
  - c) Aprobar a actualización dos seguintes documentos:
    - Mapa de procesos e a listaxe de procedementos en vigor.
    - Plan Operativo de Información Pública
    - Plan de promoción do centro.
5. Informar favorablemente as solicitudes sobre a actividade docente para o recoñecemento de quinquenios presentadas polo profesorado.
6. Remitir un correo electrónico ao profesorado do centro por se teñen interese en facer propostas sobre posibles designacións para o comité consultivo de persoas expertas do Campus da Agua.
7. Que, provisionalmente, as/os estudantes de doutoramento que non teñan relación laboral ou estatutaria ocupen, no caso de ser preciso, os seminarios situados nas prantas vinculadas ás áreas de coñecemento que correspondan e a profesora Dra. María José Bravo Bosch poida utilizar o despacho 5.63.
8. A renovación das Comisións Delegadas e doutros órganos colexiados da Facultade no sector de alumnado.
9. Delegar na Comisión Permanente as solicitudes de informes sobre avaliación da actividade docente para o recoñecemento de quinquenios.

DILIXENCIA para facer constar que os acordos adoptados na reunión ordinaria da Xunta da Facultade de Dereito de Ourense, celebrada o día 19 de decembro de 2019, se publicaron oficialmente no taboleiro de anuncios da Facultade o día 20 de decembro de 2019.

A Secretaria da Facultade de Dereito  
Asinado dixitalmente  
Concepción Martínez Martínez

Contra os presentes acordos, que non esgotan a vía administrativa, poderase interpoñer un recurso de alzada, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa publicación, ante o Consello de Goberno de acordo co disposto nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

<sup>1</sup> Toda a documentación pode consultarse na Secretaría do Decanato